

Mañá escribo dous "enredandos" á vez para empatar os días. Hoxe á madrugada marcho para Alemaña e teño que durmir.

1 día antes

"Chórame como quen chora un día antes do exame", era unha frase que tiña Lola escrita no seu caderno e que marcou un antes e un despois na súa vida. Un esforzo no pasado insán a acompañara moito tempo coa idea de ser perfecta e de ocultar as súas imperfeccións con intelixencia. É que Lola tiña un irmanciño, un irmán moi bulebulé que comprometía sempre aos pais. Ocupaba o 100 por cento do seu tempo e era a máxima preocupación da familia. Ao seu irmanciño non lle era nada doado sacar adiante os estudos, e tampouco era que pasase deles, que non lle importasen as notas que sacara, simplemente non podía aturar con todo; púñase nervioso, deixábase controlar polas emocións e quedaba atrapado no medio dunha néboa sen saída. Acudiu sempre a moita axuda para superar os seus problemas, pero estes tan só ían a peor, así que o irmán de Lola botou sendo toda a súa vida o centro de atención dos seus queridos pais. Ela recibiu iso como un piropo sempre, "non os preocupo, non supoño un problema, unha dificultade, un obstáculo no camiño de querer axudar ao meu irmán". Ela sempre recibiu iso coma un suspiro: "mantéñoos contentos, mirade que notas saca!", e rematou sendo algo tan enfermizo que levou a tornar á perfección a ser un novo inconveniente. Lola sentiuse, de súpeto, un inconveniente. Cando sentiu que nela xurdía a tristeza, a melancolía constante por buscarlle un sentido á vida, a insuficiencia dos seus actos... a quen se dirixiría para pedir axuda? E, se fose aos seus pais, acaso non lles duplicaría o traballo? Pero só se duplicaron as súas preocupacións. Temía ser unha decepción, unha dificultade máis, unha filla perdida, unha que co tempo non rendía como antes ou, moito peor, que era humana e tiña os seus problemas. Con bastante ironía seguiu lendo Lola os demais poemas destinados ao seu perfeccionismo e autoesixencia que a levaran a afundirse ata niveis estratosféricos. Tantas feridas lle causara unha cousa tan simple coma o número 10: o resultado agri dulce de noites de querer morrer e sorrisos duns pais orgullosos.

"Esta paz é liviá, non é pesada como a morte.
flota como a vida, pola que hai que nadar para avanzar.
Asegúroche unha paz inerte e outra chea.
Chea deses bicos que cada noite me devolven ao baleiro,
o **teu** baleiro.
E síntome culpable de cada pinga desta piscina, aínda que sexa eu
a que se afoga."

Leuno un par de veces, como fixera todo o tempo, e quixo pensar que non fora aquela noite. Non, esa fora aínda máis forte, non fora quen de escribir nada por culpa da ira, malia sentirse calmada cando escribía. Coma quen baixa un chanzo de vez, baixaba a súa gana de romper a chorar e magullar todas as partes do seu corpo, pero unha vez non puido. Os ataques de ansiedade eran continuos, pois Lola era preguiceira e coma todos estudaba, efectivamente, un día antes do exame. Porén, tiña que manter o seu listón alto e destrozaba o seu corpo e mente como puidese para obter os resultados máis altos posibles. Un 9 semellaba para ela unha desgracia, e se del ías baixando, xa podía despedirse da súa ledicia cotiá. Lola sentía que o único que lle quedaba tras os estudos era o mesmo que

nada, que non tiña valor por si mesma, que a súa personalidade non era algo que aportase valor á vida dos demais e á súa mesma, e o único que a facía feliz era ser valorada por medio daquelas marcas sobre folios en branco, que por suposto dependían do teu estado de ánimo concreto, concentración concreta, materia concreta, momento, sorte, profesor e método de corrección concretos. Iso era algo que aínda non entendía e, igual que ela, moita xente. Aquela noite sentiu a súa alma baixar ata os seus pés e querer escapar, e querer morrer deseguido, e non sufrir que unha mesma se xulgue constantemente.

Aquela noite clavou as unllas no brazo, cando sempre o fixera na palma da man, con moita máis forza, énfase e odio. Rañou e rañou ata levantar a pel e deixou que sangrara o que quixese. Arrepentiuse ao momento, pero unha parte dela quedou liberada con aquel dano físico, así que o fixo máis veces. Pasaron unhas semanas e os país descubriron todo aquilo, pero a alerta que lle deron de pouco serviu, as cicatrices nunca máis ían desaparecer.

Lola deixou de facerse dano no corpo, e continuou a facelo na mente. No seu pequeno mundo todo ardía cada pouco. O estable que parecía coñecer caía porque un sentimento murmuraba ao seu oído: non vales para nada.

Fixo unha pausa e mirou o seu brazo. Aquelas cicatrices seguían alí, pero estaban un pouco camufladas coas enrugadas que bailaban na pel. Das feridas pechadas tamén queda marca. Riu ante a idea de que toda a súa vida parecía un desastre, que non tivera nada bonito, que martirizara cada momento digno de lembrar, pero non era así. Lola consideraba que a súa vida fora excepcional, aínda que tivese altibaixos, simplemente ese alto quedou nun baixo coa morte do seu-

En fin, proseguíu.

"Esta noite ódiome coma se fose o produto malo de min mesma. E desentendo por que me queres, e teño medo de non che dar o que te mereces. Ás veces as pequenas cousas: recoller a habitación, fregar os pratos, secar o pelo... pesan coma se estivesen feitas de toneladas e sobre os teus ombreiros atopas a palabra: insuficiencia.

Pausa. Iso preciso, pausa. Pausa nesta continuidade tan duradeira e repetitiva que me está matando por dentro, e que se cura tan fácil como cunha pequena pausa."

Dormir foi un problema que a perseguiu durante moitos meses, case un ano, e que alterou todo o seu ritmo de vida, que á súa vez ao estar alterado ocasionaba non durmir. Era un bucle: a rutina crea o insomnio e o insomnio á rutina. Pasaba moito tempo dedicado a pensar en durmir, ou durmindo esperta, pero non con connotacións positivas da que se califica como soñadora. Ela demostrou que os ollos holgados estaban de moda e desfilou con eles durante todo o seu curso de primeiro de bacharelato. Había momentos nos que estaba tan cansa que só desexaba desaparecer, e parecíalle imposible acadar un tempo suficiente de sono para recuperar todo o perdido: mesmo se deixaba de existir non igualaría o tempo no que existiu esperta.

Outro escrito relacionado co sono:

"Esperto cada vez que respiro, e durmo sen respirar. Nos ollos quixera ter cravado as unllas e non no pobre brazo preto do pulso, que levaba a pulseira da República. Quero que no seguinte suspiro, volte a ser eu, pero sempre me atopo esperando durmida..."

Ese fora escrito despois do acontecemento, ahí que fixera alusión ás marcas produto da carraxe. Falaba do sono, falaba do cansazo... falaba de moito sen dicir nada máis que que estaba esgotada. Todo iso levábaa polos camiños da loucura.

"Sempre conectei todo; agora a comunicación
é irracional;
movemento,
punzada,
son palabras que o son todo, pero só neste intre onde cobraron sentido."

Canto daría agora porque alguén lle tivese dito estas palabras: "Lola, está ben non saber aínda quen es e que vas facer con iso, se non fósemos seres incompletos, a xente non podería crear arte nova. E ti es arte, por moito que te sorprendas". Esa frase tan só a soñou despois dunha longa noite lendo poesía e devecendo por frases como: "Todos estamos un pouco rotos, é así como a luz consegue entrar en nós". Así é como lograba encherse de forza co paso dos días, cando sentía que non encaixaba en ningures.

Tan só quedaban tres poemas máis que ler e que escribiu na mesma estancia no instituto. Cando se puña nerviosa de máis e quería escapar daquel lugar que estaba constantemente a medir os seus coñecementos e aptitudes, escribía de forma automática como lle doía todo tanto. Impactaba nela calquera estímulo, desexaba apartarse da xente, era moi cambiante o seu amor pola compañía doutros. Desta vez doíanlle os ollos por culpa da súa ollada fixa á pantalla do computador e o seu ventre facía gárgaras, tremía, polo exame á seguinte hora.

"Quero irme á miña casa. A man non responde ante o frío. A capa de invisibilidade lévoa nos ollos, cada vez que penso en canto dano fixen.
Non quero que se me desfaga a maquillaxe ao chorarte, pero tampouco quero non chorarte porque vai matarme por dentro. E aínda que merezo sufrir, dáme medo."

Aterroulle a Lola agora o fatalista que fora na súa xuventude, quixera poder falar con ela de novo e explicarlle as cousas, e esclarecerlle o patético que era ter medo por non ter sobresaínte no canto de temer aos leóns fementos. A valentía non residía niso, estaba a destrozarse a ela mesma con esas palabras que só ela se dicía, e que a única vez que viron a luz foi cando coñeceu a-
Seguiu lendo.

" - Estás ben?
- Estaba...

(eran moi frecuentes as conversas dela cun ente inexistente ou a personificación dun monstro perfecto, así o coñecía)

"

- Estás ben?
- Estaba.
- Sabes canto vales?
- Non. Por favor, esas preguntas fanme chorar.
- Non te fagas dano.

- Oxalá puidera facerme dano. Teño ganas de chorar
- **Iso pásanos a todos.**
- Sinto moito que ti tamén queiras morrer."

Todo iso pechado cun debuxo dunha nena atrapada nun pozo, á que lle ofrecían unha vía de escape, pero non era capaz de vela porque estaba rodeada de nubarróns grises e negros que impedían a súa visión completa da realidade. Xunto a el, un título: enerxía positiva, por favor. Por riba, algunhas pegadas de bágoas xa secas, pero sinaladas por uns pequenos pregamentos na folla. Logo leu máis silenciosamente e contendo a respiración por rematar:

" A MOMENTOS

A momentos collo un lápiz e póñoome a escribir,
a momentos encólleseme o corazón
e córtaseme a respiración.

A momentos olvido as cousas e parece que nunca máis as lembrarei.

Son autodestructiva.

A miña cabeza maquina tan rápido...

é coma se quixese,
salvarse da morte.

Non, esa é a palabra prohibida,
aínda que a miña favorita en vida.

A momentos estou,
e a momentos non quero estar."

Tocaron as 10 da mañá. Lola mirou cara fóra.

"Basta", deixou o café a medio tomar e dirixiuse ao golf, unha actividade á que se negara rotundamente 1 día antes, e un día antes, e un día antes, e un día antes...